

Código do documento	Código do expediente
USG13I00A8	USG/2019/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
275I 320W 205V 406D 00QX	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 25 DE MARZO DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D.^a M^a Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes

NON ASISTE:

D. Miguel Suárez García

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e vinte minutos do día vinte e cinco de marzo do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D.^a M^a Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta M^a Iglesias Becerra e D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes.

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro D. Miguel Suárez García.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 18 DE MARZO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezoito de marzo de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 18 de marzo de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do 4 de marzo de 2019, do Concello de Culleredo, polo que se fai pública a comunicación de xestión de biomasa e de retirada de especies arbóreas prohibidas aos titulares das referencias catastrais aos que non foi posible a práctica da comunicación. (Expediente: UME/2017/524, Referencia catastral 0074232NH5907S, Propietario: M.C.C. e máis). DOG núm. 58 do 25-03-2019.
- Anuncio do 14 de marzo de 2019, da Xunta Electoral de Zona da Coruña, relativo aos lugares públicos e locais oficiais para a realización de actos de campaña electoral, con motivo das Eleccións Xerais, convocadas polo Real Decreto 129/19, do 4 de marzo. BOP núm. 54 do 20-03-2019.

Código do documento	Código do expediente
USG13100A8	USG/2019/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
275I 320W 205V 406D 00QX	

- Resolución do 20 de marzo de 2019, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao Programa DP0029: Programa de subvencións dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o ano 2019. BOP núm. 55 do 21-03-2019.
- Anuncio do 18 de marzo de 2019, do Consorcio As Mariñas, de aprobación inicial do Padrón fiscal da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao primeiro trimestre do ano 2019, que rexeirá para o Concello de Culleredo. BOP núm. 56 do 22-03-2019.
- Anuncio do 18 de marzo de 2019, do Concello de Culleredo, de exposición pública dos padróns das taxas pola prestación do servizo de distribución de auga e polo servizo de depuración de augas residuais, así como do canón da auga correspondente ao 1º trimestre de 2019. BOP núm. 56 do 22-03-2019.
- Anuncio do 18 de marzo de 2019, do Concello de Culleredo, de inicio do procedemento de revisión de oficio do acordo da Xunta de Goberno Local do 23 de outubro de 2017 (relativo á aprobación da convocatoria e bases do proceso selectivo de técnicos de xestión por promoción interna), suspensión da execución do acto en revisión e audiencia aos interesados no procedemento. BOP núm. 57 do 25-03-2019.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións ditadas polo servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras:

C.I.F. P-1503100-H

- Resolución núm. 390 de data do 14/02/2019, pola que se outorga a licenza municipal núm. 135 para a posesión de animais potencialmente perigosos, á D. J. M. L. N.
- Resolución núm. 391 de data do 14/03/2019, pola que se concede o permiso municipal de vertedura ao sistema público da rede de sumidoiros, para o local adicado á barbería e outros tratamentos de beleza, situado na R/. Alcalde Electo Carballo, núm. 48.
- Resolución núm. 392 de data do 14/03/2019, pola que se concede o permiso municipal de vertedura ao sistema público da rede de sumidoiros, para o local adicado á establecemento de bebidas, situado na R/. Sanjurjo de Carricarte, núm. 10 – baixo.
- Resolución núm. 393 de data do 14/03/2019, pola que se aproba o Plan de seguridade e saúde para a obra de “*Renovación de los parques infantiles del centro social de Orro y urbanización Vallesur – Concello de Culleredo*”.
- Resolución núm. 394 de data do 14/03/2019, pola que se aproba o Plan de seguridade e saúde para a obra de “*Cubrición parque Tierno Galván*”.
- Resolución núm. 409 de data do 18/03/2019, pola que se autoriza o uso especial por NEDGIA GALICIA, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización de gas natural na R/. Río Tambre, núm. 3, da parroquia de Rutis.
- Resolución núm. 410 de data do 18/03/2019, pola que se concede o permiso municipal de vertedura ao sistema público da rede de sumidoiros, para o local adicado á intermediarios do comercio de téxtiles, prendas de vestir, peletería, calzado e artigos de coiro, situado nas naves da R/. H, naves H16 e H18, do polígono industrial de Alvedro, da parroquia de Almeiras.
- Resolución núm. 411 de data do 18/03/2019, pola que se concede o permiso municipal de vertedura ao sistema público da rede de sumidoiros, para o local adicado á outro comercio polo miúdo en

Código do documento	Código do expediente
USG13100A8	USG/2019/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 275I 320W 205V 406D 00QX	

establecementos non especializados, situado na nave da R/. B, nave B14, do polígono industrial de Alvedro, da parroquia de Almeiras.

- Resolución núm. 412 de data do 18/03/2019, pola que se concede o permiso municipal de vertedura ao sistema público da rede de sumidoiros, para o local adicado á comercio por xunto non especializado, situado nunha nave do lugar de Vigovidín, s/n, do polígono industrial de Almeiras.
- Resolución núm. 413 de data do 18/03/2019, pola que se dá de baixa a licenza municipal de ocupación de vía pública concedida para mesas e cadeiras para a terraza do establecemento situado na R/. Conservatorio, núm. 1- baixo, da parroquia do Burgo, con efectos do 31/03/2019.
- Resolución núm. 414 de data do 18/03/2019, pola que se require á D.ª A. B. S. T. para que no prazo dun mes retire o vehículo abandonado na Avda. Fonteculler, núm. 31, matrícula 6991FNL.
- Resolución núm. 415 de data do 18/03/2019, pola que se require á D.ª A. F. R. para que no prazo dun mes retire o vehículo abandonado na R/. Regueira, matrícula C-2905-BZ.
- Resolución núm. 416 de data do 18/03/2019, pola que se require á D. J. L. L. L. para que no prazo dun mes retire o vehículo abandonado na Avda. Ribados, núm. 14, matrícula 2765BYM.
- Resolución núm. 417 de data do 18/03/2019, pola que se require á D. A. G.M. para que no prazo dun mes retire o vehículo abandonado na Avda. Fonteculler, núm. 31, matrícula 7057BLH."

2.2.2.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas da Concellería delegada da Área de Urbanismo.

RESOLUCIONS DO 18.03.2019

Resolución núm 418.- Concedendo a D. F.M.N., licenza construción dunha vivenda unifamiliar, a urbanización do peche e demolición de cubertas existentes, na parcela coa referencia catastral 7293109NH4879S0001IH, situada no lugar de Peiro de Arriba, parroquia de Celas (exp. UAU/2018/616).

Resolución núm 419.- Concedendo a Dª M.A.G e D. J. A.V.F. licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela coa referencia catastral 15031A073005430000OZ, situada no Lugar de Folgueira, parroquia de Castelo (exp. UAU/2018/622).

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 06 de marzo de 2019, a comunicación previa presentada por D.A.P.C., para obras apertura de oco para instalación dunha porta acceso ao patio traseiro da vivenda, situada en Rúa Andrés Gaos, parroquia de Rutis."

2.2.3.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da Concellería delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

"RESOLUCIÓN emitidas dende esta concellaría :

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe

Código do documento	Código do expediente
USG13I00A8	USG/2019/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 275I 320W 205V 406D 00QX	

14/03/19	396	Conceder unha axuda económica.	J. A. P. L.	Pago de aluguer, correspondendo 350 € os meses de febreiro e marzo e 235,31 € o mes de abril de 2019. Pago de recibo de electricidade, correspondente ao período comprendido entre o 04/12/18 ao 07/01/19.	935,31 € 140,07 €
----------	-----	--------------------------------	-------------	---	--------------------------

****SUBVENCIONS SOLICITADAS:**

Data da resolución	Nº resolución	OBXECTO	IMPORTE	ORGANISMO
12/03/19	382	<p>Solicitar axuda do Programa de apoio ao CIM e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisito establecidos na convocatoria.</p> <p>Solicitar axuda do PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN, INFORMACIÓN E DIFUSIÓN SOBRE IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA CONTRAS AS MULLERES e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.</p> <p>Designar para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral de Igualdade para aspectos relacionados coa tramitación do expediente á Xefa de Sección de Atención Especializada.</p> <p>Financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaria Xeral da Igualdade para a súa completa realización.</p>	25.060,40 € 8.000,00 €	

C.I.F. P-1503100-H

14/03/19	395	<p>Solicitar a prórroga do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo, para o financiamento do mantemento xeral da Vivenda tutelada municipal de Culleredo, no ano 2019.</p> <p>Aprobar a memoria de actividades e o orzamento de gastos.</p> <p>Dar traslado desta resolución á Deputación Provincial da Coruña.</p>	89.297,75 €	
----------	-----	---	-------------	--

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

PROGRAMA II DE EDUCACION E APOIO FAMILIAR

Taller de Habilidades Sociais Básicas

Taller dirixido a usuarios e usuarias do Programa de Educación e Apoio Familiar, da UTES 2 Vilaboa, algúns deles perceptores da prestación de inclusión social RISGA.

Os obxectivos deste taller son mellorar as habilidades sociais das persoas para aumentar a súa competencia social, dotándoos de estratexias e habilidades interpersonais que preveñan e melloren os fallos/déficits nas persoas participantes.

As persoas destinatarias serán un grupo de 10 persoas que realizara o taller un mércores á semana, do 20 de febreiro ao 20 de marzo, en horario de 12:00 a 13:30 h na Sala Municipal de Actividades Pintora María Cagiao, Aula 2 en Vilaboa.

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS ESPECIFICOS:

****Fomento da solidariedade en saúde**


O Concello de Culleredo colaborará coa Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) na próxima Campaña de doazón de sangue que vai desenvolver en Culleredo. A campaña desenvolverase en:

Venres, 29 de marzo: Culleredo (Unidade móbil diante do Concello), en horario de 9:30 a 14:30 h

Sábado, 30 de marzo: Vilaboa (Unidade móbil diante de Abanca), en horario de 10:00 a 15:00 h

Luns, 1 de abril: O Burgo (Unidade Móbil na Praza de Europa), en horario de 9:30 a 14:30 e de 15:30 ás 21:00 h

fomentar a doazón de órganos e tecidos e concienciar sobre os hábitos saudables que protexen os nosos riles.”

Código do documento	Código do expediente
USG13100A8	USG/2019/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
275I 320W 205V 406D 00QX	

2.2.2.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

ACTIVIDADE: Saúde bucodental.

Programa: Educación para a saúde.

Datas: 27 e 28 de marzo.

Horario: ás 9:00 h e ás 12:00 h.

Colexios participantes: CEIP Vila de Rutis, CEIP Díaz Pardo e CPR A Ponte Pasaxe.

Curso: 1º de EP.

Nº participantes: 100.

Lugar: Aulas.

ACTIVIDADE: Recicl-ARTE

Programa: Educación ambiental.

Datas: 25, 26, 27, 28, 29 de marzo.

Horario: de 09:00 a 13:45 h.

Centros participantes: CEIP Tarrío, CEIP Sofía Casanova, CEIP Vila de Rutis, CPR A Ponte Pasaxe e CRA Culleredo.

Curso: 4º, 5º e 6º de EI.

Nº participantes: 400.

Lugar: Aula.

ACTIVIDADES CULTURAIS

MARTES 26 DE MARZO

-Hall do andar C do Conservatorio. 18:30 h:

Concerto Exprés, a cargo de Noa Gómez (piano), e Lucía Pazos (piano). Entrada libre.

-Salón de Actos do Conservatorio. 18.30 h:

Culleredo soa en 44:05. Audición didáctica de piano a catro mans, con Alexandra Pita e Lidia Lata. Entrada libre.

XOVES 28 DE MARZO

Sala de vídeo do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 a 21.00 h.

Tertulia de Arte: *Estratexias da visibilidade na arte*, coa artista Luisa Valdés.

Entrada libre.

VENRES 27 DE MARZO

Biblioteca González Garcés do Burgo. 17.00 h:

Contos para bebés.

De 0 a 3 anos.

Recollida de invitacións o mesmo día na biblioteca, a partir das 16.30 h.

29, 30 E 31 DE MARZO

Conservatorio de Música de Culleredo.

Festival Internacional de Contrabaixo *Galicia Graves 2019*.

SÁBADO 30 DE MARZO

Conservatorio de Música de Culleredo. 12.00 h:


Festival Internacional de Contrabaixo *Galicia Graves 2019*.

Conferencia de Jason Heat: *Network for musicians*. Entrada libre.

DOMINGO 31 DE MARZO

Conservatorio de Música de Culleredo. 12.00 h:

Festival Internacional de Contrabaixo *Galicia Graves 2019*.

Código do documento	Código do expediente
USG13100A8	USG/2019/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
275I 320W 205V 406D 00QX	

Conferencia de Jonathan Camps: *Como sacar lo major de ti mismo.*
Entrada libre.”

2.3.- DECRETO 120/2019 DO XULGADO DO SOCIAL NÚM. 3 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 391/2016.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local do Decreto 120/2019 do 13 de marzo de 2019 do Xulgado do Social núm. 3 da Coruña, no Procedemento Ordinario 391/2019, que acorda ter por desistida a P.C.P. da súa demanda de recoñecemento de dereitos e outros extremos fronte ao Concello de Culleredo.

2.4.- SENTENZA 51/2019 DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 3 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ABREVIADO 182/2017.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 51/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 3 da Coruña, no Procedemento Abreviado 182/2017, que estima o recurso contencioso-administrativo interposto por J.R.P.R. contra a resolución da concelleira de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación do Concello de Culleredo do 16-06-2017 que adjudicou a R.C.R. o posto de traballo de xefe do Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras, que anula. Impóñenselle as costas á parte demandada, hasta un máximo de 400€.

Esta sentenza non é firme, pódese interpoñer recurso de apelación.

C.I.F. P-1503100-H

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)